

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 6 DE XULLO DE 2020.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día 6 de xullo de dous mil vinte; as nove horas e cincuenta minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don César Manuel Fernández Gil.- Concelleiros/as : dona Clara Loeda Soto, don Miguel García Domínguez, dona Yolanda Gómez Gómez

Está presente o Secretario do concello, Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

Fica aprobada.

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.**

-Escrito de don José Sotelo Rojo en representación da Plataforma en defensa do Colexio Alameda, con rexistro de entrada no concello 2942 de 1 de xullo de 2020, no que expón:  
Dada a situación actual na que a dirección do colexio de Ribadavia plantexa o peche do colexio da Alameda.

Solicita:

A Plataforma en defensa do Colexio da Alameda , solicítalle ó Alcalde que convoque a todas as partes implicadas ( Plataforma, Dirección do Centro, Representante Consellería de Educación, Alcaldía e o resto de grupos da oposición) , a unha reunión na que cada un exponía razóns e se busque entre todos unha solución de consenso para ise centro , xa que entendemos , como moitos veciños da nosa vila e tódolos grupos da oposición ( como se viu no último pleno) , que non se debe pechar.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento.

-Escrito de dona María Teresa Rodríguez Estévez, en representación do grupo municipal do BNG, con rexistro de entrada no concello 2943 de 1 de xullo de 2020, no que expón:  
Os colectivos sociais realizar un labor fundamental no mantemento do benestar social.

Solicita:

Saber

-que material ( cantidade e características) de prevención da pandemia causada pola covid-19 (máscaras, luvas, xel, pantallas, traxes...) foi facilitada por parte do concello a -Entidades sociais de asistencia, auxilio e promoción social, a ONGs , asociacións de axuda a persoas discapacitadas e, en definitiva, colectivos cidadáns dende que se decretou o estado de alarma ata o día de hoxe.

A xunta de goberno acorda comunicar que se repartiron 3.000 mascarillas entre os veciños e veciñas do pobo , e as restantes seguen a disposición dos veciños e veciñas na Casa da Cultura e no concello.

Que o resto de material recibido directamente da Xunta de Galicia e da Deputación Provincial se repartió entre os servizos municipais, priorizando o servizo de axuda no fogar e a residencia de maiores.

Que se repartiron pantallas de protección aos comercios que mantiveron a súa actividade durante o estado de alarma.

-Escrito do Grupo Municipal de Ribeiro en Común, con rexistro de entrada no concello número 2898 de 30 de xuño de 2020, no que expón:

En relación coa situación de crise económica derivada da crise sanitaria polo Covid-19, tendo en conta a situación de precariedade económica que moitas veciñas e veciños de Ribadavia están atravesando e, ante o recente cobro de comisións de mantemento e administración levadas a cabo polas entidades bancarias, destacando a cometida pola entidade Abanca e que nos últimos días lle impuso aos seus clientes unha cantidade excesiva ( de arredor dos 50 euros) , supoñendo unha carga económica importante na situación actual.

Solicita:

-Que o concello de Ribadavia lle solicite a todas as entidades bancarias do municipio de Ribadavia que cometeran este tipo de abuso para que procedan á devolución destas comisións a toda a veciñanza e clientes destas entidades, en consonancia co esforzo que toda a sociedade e tecido empresarial tivo que realizar nos últimos meses por mor da pandemia.

A xunta de goberno acorda dar traslado do escrito ás entidades bancarias con sucursal en Ribadavia.

-Escrito do Grupo Municipal de Ribeiro en Común, con rexistro de entrada no concello número 2900 de 30 de xuño de 2020, no que expón:

En relación coa convocatoria do Consello Reitor Municipal de Deportes para o vindeiro día 6 de xullo de 2020.

Solicita:

-Que se inclúa na orde do día un novo punto para ser abordado e tratado neste Consello Municipal de Deportes a situación e o estado actual do campo do Xestal, das obras levadas a cabo e informe dos técnicos.

-Que se envíe, coa maior antelación posible, a proposta de Alcaldía e a documentación relativa á orde do día da convocatoria.

A xunta de goberno acordo tomar coñecemento.

-Escrito do Grupo Municipal de Ribeiro en Común, con rexistro de entrada no concello número 3007 de 6 de xullo de 2020, no que expón:

En relación coa situación na que se atopa :

1 Parque de autocaravanas

2 Parque Robla e Baixada Rio Avia - Pasarela da Foz.

Ambas zonas xa reclamadas reiteradas veces en comisións informativas e plenos.

Solicita :

A súa mellora tal e como se ten reclamado.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento.

Visto o escrito presentado por Julia Bernardete González Lamas solicitando acometida de auga en Carretera de Francelos 4 , 1ºE , no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico , que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de xuño de 2020 a interesada abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo

Escrito de don Miguel Angel Deaño Díaz en representación de Bodegas Pericocho SL no que solicita “ la baja de la industria citada anteriormente”  
A xunta de goberno acorda acceder ao solicitado.

.Vista a solicitude presentada por dona Carolina Atuesta Castro para a cesión de uso da Sala 2 do P.O Consello os xoves dende o 16 de xullo de 2020 ata o 3 de setembro de 2020 ( ambos inclusive) para levar a cabo a actividade “ Taller de sensibilización corporal”.

A xunta de goberno acorda acceder ao solicitado, advertindo que a concesión pudiera mudarse según o establecido no Regulamento sobre uso das instalacións deportivas municipais , ao atoparse aberto o procedemento para a concesión de instalacións deportivas as entidades deportivas para a tempada 2020/2021.

Acordase a execución das taxas de aluger (112 euros) que correspondería en aplicación da ordenanza nº24 do prezo público por uso de instalacións deportivas, debendo suscribirse a tal efecto o convenio previsto no artigo 12 da Ordenanza.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

Dase conta do Convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o concello de Ribadavia para a contratación de persoal nas oficinas de Turismo.

-Escrito da Dirección Xeral de Inclusión Social comunicando que a Consellería de Política Social asinou un convenio de colaboración coa Cruz Vermella Española en Galicia , para poñer en marcha un programa de axudas económicas para cobertura de necesidades básicas da poboación en situación de vulnerabilidade ocasionada pola covid-19, articulado a través de tarxetas-moedeiro para a adquisición de produtos de alimentación, hixiene e farmacia.

-Resolución da Secretaría Xeral de Igualdade concedendo ao concello de Ribadavia unha subvención para dúas contratacións por doce meses , 100% da xornada, ao abeiro da Resolución de 1 de xuño de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito da colaboración coas entidades locais galegas, e se procede a súa convocatoria para o ano 2020.

-Resolución de concesión de axuda da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural de subvencións a proxectos de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2020-2021, orzamento aceptado 26.891,00€ , orzamento aprobado 26.351,00 euros.

-Resolución da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral concedendo ao concello de Ribadavia unha subvención ao abeiro da Orde de 17 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2020, polo importe de 50.000 euros para a contratación de 2 persoa/s técnicas

-Escrito da Dirección Xeral de Políticas Culturais nomeando bolseira con destino no arquivo municipal de Ribadavia.

## **5.-CUESTIÓNS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.**

### **CORRECCION DE ERROS NAS BASES DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓN DE REACTIVACIÓN DO TECIDO EMPRESARIAL E COMERCIAL DE RIBADAVIA**

Vistas as bases do programa de subvencións de reactivación do tecido empresarial e comercial de Ribadavia aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 29.06.2020 e dado a existencia dalgún erro que pode dar lugar a contradicción e confusión a hora de presentar as solicitudes, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda correxilo, quedando do seguinte xeito:

Na base 4.2, onde dí “Concedérase unha contía fixa máxima de 450 € a aquelas persoas físicas ou xurídicas sen traballadores ao seu cargo” debe dicir “Concedérase unha contía fixa máxima de 450 € a aquelas persoas físicas ou xurídicas con ou sen traballadores ao seu cargo”

Na base 8.1.c) onde dí: “a) En aqueles casos nos que non se viron afectados polo peche de establecementos disposto no RD 465/2020 do 17 de marzo que modifica o artigo 10 do RD 463/2020 do 14 de marzo, e sufrisen unha redución da súa facturación no mes anterior á solicitude desta subvención de acordo cos criterios establecidos na base 4ª, en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma, deberán acreditar esta redución mediante a achega da información contable que o xustifique desde os 6 meses previos á declaración do estado de alarma (14 de marzo de 2020) ata a data de presentación da solicitude de subvención”, debe dicir: “a) En aqueles casos nos que non se viron afectados polo peche de establecementos disposto no RD 465/2020 do 17 de marzo que modifica o artigo 10 do RD 463/2020 do 14 de marzo, e sufrisen unha redución da súa facturación durante o periodo que estivera declarando o estado de alarma, de acordo cos criterios establecidos na base 4ª, en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma, deberán acreditar esta redución mediante a achega da información contable que o xustifique desde os 6 meses previos á declaración do estado de alarma (14 de marzo de 2020) ata a data de presentación da solicitude de subvención.”

Que se publique o presente acordo na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios do Concello.”

**BASES DAS AXUDAS de MATERIAL ESCOLAR para educación infantil do concello de ribadavia (CURSO 2020/2021)**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Ribadavia, por unanimidade, presta aprobación as Bases das axudas de material escolar para educación infantil, dentro do curso escolar 2020/2021.

### **A. Requisitos**

- Que os ingresos totais da unidade familiar non superen os 2.272€.
- Estar empadroad/a (proxenitores/as e nenos/as) no Concello de Ribadavia na data de convocatoria da subvención.
- Ser alumno/a de Educación Infantil en calquera dos centros educativos pertencentes o Concello de Ribadavia.
- Aportar a factura de compra do material con firma e selo de pagado.

### **B. Documentación a presentar**

- Certificado de matricula do centro escolar para o curso 2020-2021 do/a alumno/a.
- Fotocopia do libro de familia e DNI dos proxenitores ou titores legais.
- Certificado de convivencia da unidade familiar.
- Fotocopia compulsada e completa da declaración da renda referida ó exercicio 2019. En caso de non estar obrigados a facela ou de non presentala voluntariamente, deberá presentar un certificado negativo de Facenda.
- No caso de traballar, deberán presentar fotocopia da última nómina ou documento que acredite os ingresos familiares. Así mesmo presentarán certificado doutras axudas que perciban doutros organismos ou entidades (RISGA, Axuda a Integración do Menor, pensións non contributivas, prestación por fillo/a cargo...ou pensión de orfandade, xubilación, viuvez...).
- Se a situación é de desemprego, deberán presentar tarxeta do INEM e certificado de estar percibindo ou non prestación económica.
- Factura dun establecemento con sede en Ribadavia, con firma e selo de pagado, que xustifique a compra do material.
- Nº de Conta **IBAN**, onde ingresar o importe da axuda concedida, de ser o caso.

### **C. Baremo**

Nenos/as de 3 a 6 anos **-Educación Infantil-**:

	<b>INGRESOS</b>	<b>AXUDA</b>
<b>1º</b>	Ingresos da unidade familiar de ata 2 do IPREM* (1.136€)	<b>Ata 100€</b>
<b>2º</b>	Ingresos da unidade familiar de ata 4 do IPREM* (2.272€)	<b>Ata 75€</b>

\*Indicador Público de Renta de Efectos Múltiples (IPREM) é un índice empregado en España como referencia para a concesión de axudas, becas, subvencións, subsidio de desemprego entre outros.

### **D.- Contía das Axudas:**

O Departamento de Servizos Sociais informará o expediente de concesión da axuda, mediante un Informe Social, baseándose no apartado de C. Baremo.

As solicitudes serán resoltas pola Xunta de Goberno Local, tendo en conta os criterios económicos dos baremos anteriores.

### **E.- O prazo:**

O prazo de presentación das solicitudes será dende o 14 de setembro ó 9 de outubro de 2020. Este prazo poidera variar segundo as circunstancias derivadas de situacións provocadas polo Covid (estado de alarma,...).

### **F.- Lugar de presentación:**

A presentación de solicitudes levarase a cabo no Dpto. de Servizos Sociais do Concello de Ribadavia.

As referidas bases deberán expoñerse ao público mediante anuncio no taboleiro de anuncios do Concello.”

### **APROBACIÓN DOS PADRÓNS DO IBI.**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a aprobación do Padrón do Imposto de Bens Inmóveis de natureza urbana correspondente o exercicio de 2020, por importe total de 1.016.450,70 euros. Asemade, a Xunta de Goberno Local, acorda, por unanimidade, establece-lo período voluntario de cobro do devandito Padrón entre o vindeiro 1 de Agosto e o 16 de Outubro de 2020, ámbolos dous inclusive.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a aprobación do Padrón do Imposto de Bens Inmóveis de natureza rústica correspondente o exercicio de 2020, por importe total de 3.168,40 euros. Asemade, a Xunta de Goberno Local, acorda, por unanimidade, establece-lo período voluntario de cobro do devandito Padrón entre o vindeiro 1 de Agosto e o 16 de Outubro de 2020, ámbolos dous inclusive.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a aprobación do Padrón do Imposto de Bens Inmóveis de características especiais correspondente o exercicio de 2020, por importe total de 31.367,96 euros. Asemade, a Xunta de Goberno Local, acorda, por unanimidade, establece-lo período voluntario de cobro do devandito Padrón entre o vindeiro 1 de Agosto e o 16 de Outubro de 2020, ámbolos dous inclusive.”

A xunta de goberno local, por unanimidade, aproba as Bases Reguladoras e Convocatoria de Subvencións das Actuacións de Rehabilitación no Área de Rehabilitación do Casco Antigo de San Cristovo . Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 Real Decreto 106/2018, de 9 de marzo. 6 CONVENIO . Programa de Rexeneración e Renovación Urbanas.

ARTIGO 1.	OBXECTO
ARTIGO 2.	PRINCIPIOS XENERAIS
ARTIGO 3.	ÁMBITO DAS ACTUACIÓNS
ARTIGO 4.	ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES
ARTIGO 5.	REGUISITOS XENERAIS
ARTIGO 6.	BENEFICIARIOS / AS
ARTIGO 7.	OBRIGAS DOS / AS BENEFICIARIOS / AS
ARTIGO 8.	CONTÍA DAS AXUDAS ECONÓMICAS
ARTIGO 9.	ORZAMENTO PROTEXIBLE
ARTIGO 10.	LÍMITES XENERAIS DAS SUBVENCÍONS
ARTIGO 11.	COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS ECONÓMICAS
ARTIGO 12.	PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES
ARTIGO 13.	PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN DAS SUBVENCÍONS
ARTIGO 14.	CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS
ARTIGO 15.	PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN
ARTIGO 16.	EXECUCIÓN DAS OBRAS
ARTIGO 17.	XUSTIFICACIÓN DE REMATE DAS OBRAS E DO GASTO
ARTIGO 18.	PAGO DAS SUBVENCÍONS
ARTIGO 19.	CAUSAS DE DENEGACIÓN E PERDA DAS AXUDAS
ARTIGO 20.	REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS
ARTIGO 21.	NORMATIVA DE APLICACIÓN
ARTIGO 22.	TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL
ARTIGO 23.	PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA E DAS BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE AXUDAS
ARTIGO 24.	VIXENCIA

### **Artigo 1. Obxecto.**

O obxecto das presentes bases é a regulación da concesión de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas situadas no ámbito do Área de Rehabilitación Integral / Área de Rexeneración e Renovación Urbana, en adiante ARRU / ARI, do Casco Histórico de Ribadavia, en base ó Convenio suscrito o 30 de xullo de 2018 entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do Plan Estatal de Vivenda 2018 - 2021, así como ó Acordo da Comisión Bilateral do 22 de outubro de 2019, suscrito entre o Ministerio de Fomento, o Instituto Galego de Vivenda e Solo - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, e o Concello de Ribadavia, que remata o 31 de decembro do 2021.

### **Artigo 2. Principios xenerais.**

A xestión das axudas á rehabilitación de edificios e vivendas regulada nas presentes Bases realizarase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e da eficacia na asignación e utilización dos recursos públicos.

### **Artigo 3. Ámbito das actuacións.**

As actuacións de rehabilitación estenderanse, exclusivamente, ó Área de Rehabilitación do Casco Antigo de San Cristovo, declarada o 9 de xullo de 2008.

#### **Artigo 4. Actuacións subvencionables.**

Con carácter xeneral, serán subvencionables as actuacións recollidas nos artigos 36, 43 e 51 do *Real Decreto 106/2018, de 9 de marzo, por el que se regula el Plan Estatal de Vivienda 2018-2021*, que se poden resumir nas seguintes:

- a) Obras de conservación e/ou adecuación estrutural e de seguridade dos edificios.
- b) Obras de mellora da eficiencia enerxética, que permitan acadar unha redución da demanda enerxética anual global do inmoble de polo menos un 25% respecto do estado anterior á actuación.
- c) Obras de mellora da sustentabilidade, que melloren o cumprimento dos parámetros establecidos no documento básico do Código Técnico da Edificación DB – HR protección contra o ruído, do DB – HS de salubridade ou que afecten a elementos cuxo tratamento permita reducir de forma efectiva no interior da edificación o promedio anual de concentración de radón a niveis inferiores a 300 Bq/m<sup>3</sup>, ou nas que sen alcanzar dito nivel, se reduza a concentración inicial en ó menos un 50%.
- d) Obras de mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade, así como de adecuación das vivendas e dos seus accesos á normativa vixente de accesibilidade.
- e) Outras obras que impliquen adaptar os edificios, as vivendas e as súas instalacións ós novos estándares establecidos pola nova normativa de aplicación, aínda nos casos nos que dita normativa non obrigue a súa execución.

#### **Artigo 5. Requisitos xenerais.**

Ós efectos de obter as Axudas previstas nas presentes normas de procedemento, será necesario o cumprimento dos seguintes requisitos:

1. As obras proxectadas deberán obter a preceptiva Licenza Municipal de Obras ou, de ser o caso, tramitar a Comunicación Previa oportuna.
2. A edificación ou vivenda, unha vez finalizadas as actuacións, debe ter uso residencial permanente, para uso propio ou aluguer.
3. As obras que se dirixan á actuación sobre os elementos comúns do edificio deberán garantir as debidas condicións de coherencia técnica e construtiva co estado de conservación do edificio e das instalacións.
4. Non se poderán subvencionar actuacións nos edificios e vivendas nos que, coa realización das obras, non se obteñan as debidas condicións de seguridade e de habitabilidade das vivendas.
5. Os edificios deberán ter polo menos o 70% da edificabilidade sobre rasante, podéndose excluír as plantas baixas ou plantas inferiores destinadas a outros usos compatibles, deberá ter como destino o uso residencial de vivenda.
6. Os inmobles obxecto da axuda non poderán estar incursos en ningún expediente de infracción urbanística.
7. As obras iniciadas con anterioridade á publicación destas bases, e que non se atopen rematadas, poderán ser obxecto de subvención sempre que se acredite o estado orixinal da edificación mediante documentación técnica e/ou fotográfica.



## **Artigo 6. Beneficiarios/as.**

1. Poderán ser beneficiarios/as das subvencións quén asuma a responsabilidade da execución integral do ámbito de actuación, xa sexan as propias Administracións Públicas, os propietarios únicos de edificios de vivendas ou os inquilinos autorizados polo propietario, as comunidades de propietarios, as agrupacións de comunidades de propietarios e os consorcios e entes asociativos de xestión.

As persoas e as entidades beneficiarias das axudas deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 7.2 do Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo.

2. No poderán obter a condición de beneficiarios/as aqueles nos que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia ou no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, xeral de subvencións.

3. Ós efectos das presentes axudas, persoa con discapacidade interpretarase de conformidade co RDL 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social. E entenderase como persoa con mobilidade reducida aquela que ten limitada a posibilidade de desprazarse ou de interactuar coa contorna con seguridade e autonomía, a causa dunha determinada discapacidade física ou intelectual, acreditada mediante informe médico.

## **Artigo 7. Obrigacións dos / as beneficiarios / as.**

As obrigacións dos / as beneficiarios / as serán as seguintes:

1. Realizar algunha das actuacións ás que se refire o artigo 4. Actuacións subvencionables.

2. Comunicar ó órgano instrutor calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.

3. Someterse ás actuacións de comprobación e inspección que o Instituto Galego de Vivenda e Solo e o Concello de Ribadavia consideren pertinentes durante a execución da actuación.

4. As demais obrigas recollidas na lexislación vixente de aplicación á presente convocatoria, en especial as contempladas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, xeneral de subvencións, e nos artigos 11 e 12 de la Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

## **Artigo 8. Contía das Axudas Económicas.**

As subvencións estatais serán ata o 40% do Orzamento Protexible cunha contía máxima dependendo do tipo de actuación:

- Para obras de conservación e accesibilidade (artigo 51 e 43 do Plan Estatal de Vivenda): 8.000 €.

- Para obras de eficiencia enerxética con redución de demanda enerxética (artigo 36 do Plan Estatal de Vivenda): 12.000 € por vivenda.

- No caso de edificios, incrementaranse estas contías con 120 euros por cada metro cadrado de superficie construída de local comercial ou outros usos.

Estas subvención estatais poderán acadar o 75% do Orzamento Protexible, coas contías máximas antes indicadas, cando:

- Vivendas de unidades de convivencia residente teña ingresos inferiores a 3 veces o IPREM.
- Vivendas con residentes discapacitados e obras de accesibilidade.
- Vivendas con residentes maiores de 65 anos e obras de accesibilidade.

As subvencións autonómicas serán ata o 10% do Orzamento Protexible cunha contía máxima de 4.000 € por vivenda.

#### **Artigo 9. Orzamento Protexible.**

Considerase Orzamento Protexible, das actuacións de rehabilitación subvencionables relacionadas no artigo 4, o custe real das obras determinado pola suma do prezo total do contrato de execución das obras, os honorarios facultativos e de xestión.

Non se inclúe ningún tipo de taxas, impostos e outros ingresos de dereito público e os tributos satisfeitos por razón das actuacións.

O custe total das actuacións subvencionables non poderá superar os custes medios de mercado que a tales actuacións correspondan e será acorde cos prezos recollidos na base de Datos de Construción de Galicia ou, no seu caso, nas bases de datos habituais en construción, vixentes no momento da convocatoria.

Poderanse incluír os honorarios dos profesionais, o custe de redacción de proxectos, informes técnicos e certificados precisos, así como os gastos derivados da tramitación administrativa, sempre que todos eles estean debidamente xustificadas.

A estes efectos, consideraranse como custes derivados da tramitación administrativa aqueles gastos que o solicitante puidera satisfacer a unha empresa ou profesional por levar a cabo a xestión administrativa e documental da súa solicitude e das actuacións recollidas nela; ademais de estar reflectidos tanto nos orzamentos presentados para a cualificación provisional como nas facturas presentadas para a obtención da cualificación definitiva.

#### **Artigo 10. Límites xenerais das subvencións.**

As subvencións outorgaranse con cargo ás partidas orzamentarias ata esgotar o financiamento comprometido no Acordo da Comisión Bilateral do 22 de outubro de 2019, suscrito entre o Ministerio de Fomento, o Instituto Galego de Vivenda e Solo - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia e o Concello de Ribadavia.

A contía máxima, aportada polo Ministerio de Fomento, que figura no citado Acordo é de 63.000,00 €.

A contía máxima, aportada pola Comunidade Autónoma, que figura no citado Acordo é de 13.300,00 €.

A contía destas axudas poderá ser modificada ó alza cando concorran as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### **Artigo 11. Compatibilidade das axudas económicas.**

1. Non poderán ser beneficiarias deste programa as persoas beneficiarias das axudas do programa de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, do programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, do programa de fomento do parque de vivenda en alugueiro e do programa de fomento de vivendas para persoas maiores e persoas con discapacidade, do Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo.
2. As subvencións deste programa son compatibles con calquera outra axuda pública para o mesmo obxecto, sempre e cando a suma do importe de todas elas non supere o custo total da actuación concreta.

### **Artigo 12. Prazo de presentación das solicitudes.**

As solicitudes de axuda deberán presentarse no prazo de seis (6) meses a contar desde o día seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

### **Artigo 13. Procedemento de tramitación das subvencións.**

O procedemento é mediante concorrencia non competitiva, de acordo co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

A instrución do procedemento corresponderá ó Departamento de Urbanismo - Oficina de Rehabilitación, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que deberá formularse a proposta de resolución.

De conformidade co disposto no artigo 22 de la Lei 9/2007, de 13 de xuño, establécese un procedemento de instrución abreviado, consistente en que a proposta de concesión formalizárase polo órgano instrutor designado, que unicamente procederá a comprobar a concorrencia dos requisitos requiridos para a concesión da subvención, polo que non intervirá un órgano encargado de avaliar as solicitudes presentadas.

A resolución dos expedientes corresponderá á Xunta de Goberno Local, que é ademais o órgano que ten a competencia para autorizar o correspondente gasto, previa concesión das cualificacións provisionais e definitivas de rehabilitación por parte do órgano competente da Xunta de Galicia. Os acordos da Xunta de Goberno Local de concesión ou denegación das subvencións poñen fin á vía administrativa.

As cualificacións provisionais e definitivas de rehabilitación, expedidas polo órgano competente da Comunidade Autónoma, ou as resolucións polas que se denegan, remitiranse ós interesados polo Departamento de Urbanismo - Oficina de Rehabilitación.

### **Artigo 14. Criterios para a concesión das subvencións.**

Se o presuposto establecido para estas subvencións, ou o número de actuacións, non fose suficiente para o pago de todas as solicitudes, ademais de por orde de entrada da solicitude no rexistro do Concello, aplicarase o criterio de prioridade da orde establecida na Memoria para a Declaración do Área de Rehabilitación Integral:

#### **ORDE DE PRIORIDADES**

1. Contorno da Igrexa.

2. Rúa Grande / Atrás.
3. Rúa Moreiras / Regueiro.
4. Rúa Freás / Estrada OU-504.
5. Centro Social / Estrada OU-504.

**Artigo 15. Presentación de solicitudes e documentación.**

1. As solicitudes presentaranse en modelo normalizado no Rexistro Xeneral do Concello ou por calquera dos medios establecidos no artigo 38 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Con carácter xeneral, xunto coa solicitude, presentarase a seguinte documentación:

I. Documentación relativa ó / á solicitante:

a) Fotocopia do DNI do / da solicitante e, de ser o caso, do seu representante, en caso das persoas físicas.

b) No caso de tratarse dunha comunidade de propietarios ou agrupación de comunidades de propietarios, constituídas as dúas segundo o disposto polo artigo 5 da Lei 49/1960, ou de persoas xurídicas que sexan propietarios únicos de edificios de vivendas (sociedades e comunidades de bens):

- Documento acreditativo da súa constitución.

- Documento acreditativo da representación coa que se actúa por parte das persoas físicas no nome da comunidade ou da agrupación.

- Fotocopia dos DNI das persoas físicas que actúen en nome e en representación da comunidade, da agrupación ou persoa xurídica.

- Documento acreditativo do CIF da comunidade, agrupación ou persoa xurídica.

c) Declaración responsable de non estar incurso / a nos supostos do artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

d) Declaración responsable de cumprimento das obrigas sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeneral de Subvenciones.

e) Para as Axudas que acaden o 75% do Orzamento Protexible por minusvalía, segundo o establecido no artigo 8 das presentes bases, deberá achegarse acreditación da devandita minusvalía.

f) Para as Axudas que acaden o 75% do Orzamento Protexible para as unidades de convivencia residente que teña ingresos inferiores a 3 veces o IPREM, segundo o establecido no artigo 8 das presentes bases, deberá achegarse a declaración da renda correspondente ó último exercicio e o certificado de empadramento da citada unidade de convivencia. Os membros da unidade de convivencia que non teñan a obriga de presentar declaración da renda deberán achega un certificado de estar exento.

II. Documentación relativa ó inmovible:

a) Xustificación da titularidade do edificio. Poderá presentarse certificado ou nota simple do rexistro da propiedade, ou ben documentación acreditativa do feito, acto

ou negocio xurídico (contrato de compravenda, certificación ou nota simple do Rexistro da Propiedade, escritura de partición de herdanza, testamento e/ou certificado de últimas vontades, escritura pública de doazón, etc.) que demostre a adquisición da titularidade do inmovible. Os documentos poden ser de natureza pública (escritura pública) ou privada, cando a lexislación así o permita, sempre que conste de xeito fidedigno a realidade da súa data, dos intervenientes e, de ser o caso, de todos os requisitos os que se refire o artigo 1.261 do Código Civil.

b) No caso das comunidades de propietarios ou agrupacións, presentarase, ademais, relación de persoas propietarias do edificio, con DNI de cada unha delas e referencia catastral de cada vivenda.

### III. Documentación relativa ás obras a executar.

a) Declaración responsable de todas as subvenciones solicitadas e concedidas para as actuacións subvencionables por esta ordenanza; o importe da axuda solicitada ou obtida, así como a Administración, organismo ou entidade pública que concede a subvención.

b) Proxecto técnico que defina as obras ou outro documento técnico baixo o nome de memoria valorada, proxecto básico ou outro similar, que recolla a definición das obras a subvencionar de forma suficiente para que os servizos técnicos municipais poidan emitir unha proposta favorable sobre as mesmas por axustarse á normativa urbanística de aplicación e as normas reguladoras da presente subvención.

c) Licenza urbanística de obra concedida ou comunicación previa das obras, segundo o suposto que proceda. A efectos de presentarse á presente convocatoria, bastará acreditar a solicitude de licenza de obras ou comunicación previa antes da cualificación provisional.

d) Certificación expedida polo órgano competente da comunidade, ou da persoa xurídica, de acordo da comunidade de propietarios que autorice a execución das obras e a solicitude da subvención.

e) No caso de obras iniciadas, presentarase documentación fotográfica do estado previo.

A presentación da solicitude de subvención implica a aceptación das bases e obrigas establecidas na presente norma, así como a autorización para obter os datos en poder da administración pública municipal que sexan necesarios para a tramitación da solicitude (certificación expedida polo tesoureiro municipal que acredite que se atopan ó día nas súas obrigas fiscais no Concello).

#### **Artigo 16. Execución das obras.**

1. As obras deberán iniciarse no prazo máximo establecido na licenza ou documento análogo ou no prazo de dous meses a partir da notificación da cualificación provisional da subvención por parte do IGVS.

Poderá obterse unha prórroga pola metade do prazo inicial, despois de solicitude xustificada. Transcorrido este período sen que comezasen as obras, ou no caso de interrupción das obras por un prazo superior a seis (6) meses, poderase

proceder á retirada da subvención inicialmente outorgada, previo expediente con trámite de audiencia ó interesado/a.

2. O / a solicitante promotor / a das obras comunicaralle formalmente ó Concello a data de comezo das obras.

E deberá colocar no exterior da edificación o cartel informativo do programa de axudas para a rehabilitación de acordo co deseño que se estableza no manual de imaxe corporativa do Plan Vivenda 2018 – 2021, que deberá permanecer hasta o cobro total das axudas solicitadas.

3. O prazo de execución para realizar as obras virá determinado na cualificación provisional. O incumprimento deste prazo poderá determinar a perda da subvención solicitada.

4. As obras deberán axustarse ás prescricións contidas no proxecto técnico ou documentación que serviu de base para a cualificación provisional e a concesión inicial das axudas, non admitíndose máis modificacións na súa execución que as autorizadas polo IGVS, previo informe favorable do Departamento de Urbanismo - Oficina de Rehabilitación e que, en todo caso, deberán estar amparadas pola correspondente licenza urbanística ou actuación comunicada declarada eficaz.

5. O Departamento de Urbanismo - Oficina de Rehabilitación prestará o seu asesoramento técnico na execución das obras e poderá, en todo caso, supervisar de oficio as obras, incluso coa participación dos técnicos do IGVS, con obxecto de comprobar a súa correcta execución e o cumprimento das condicións ás que estean sometidas en virtude das axudas concedidas.

#### **Artigo 17. Xustificación de remate das obras e do gasto.**

1. A xustificación do remate das obras e do seu custe deberá presentarse no prazo de un (1) mes desde o remate destas.

A efectiva execución das actuacións, e o seu custe, terá que acreditarse mediante a presentación da conta xustificativa e, orixinal ou fotocopia compulsada, das facturas correspondentes emitidas pola empresa contratada para a execución das obras, coa firma do técnico competente si a natureza dos traballos así o esixe, e os xustificantes de pago das mesmas.

2. As facturas reunirán en todo caso os seguintes requisitos: número, nome, razón social, dirección fiscal NIF o CIF de quen emite a factura; nome ou razón social do pagador coa súa dirección ou dirección fiscal e NIF o CIF. O IVE presentarse sempre desagregado. O produto vendido ou servizo facturado deberá quedar claramente descrito na factura.

3. Os pagos deberán de acreditarse a través de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pago bancario nos que queden claramente identificados o receptor e o emisor do pago. Non se admitirán os pagos nin os ingresos en efectivo.

4. En obras que precisen licenza de primeira ocupación, a solicitude desta será imprescindible para continuar co trámite de aprobación definitiva das axudas.

5. Nas actuacións para a mellora de eficiencia enerxética, deberá presentarse o certificado enerxético que acredite a redución do 25% da demanda enerxética.

6. A proposta de cualificación definitiva, elaborada polo Departamento de Urbanismo – Oficina de Rehabilitación e aprobada polo órgano municipal correspondente, será remitida ó IGVS para a súa cualificación definitiva.

**Artigo 18. Pago das subvenciones.**

1. O pago realizarase unha vez que o IGVS conceda a cualificación definitiva e emita a resolución de abono da subvención.

2. A contía da subvención será a que resulte de aplicar o disposto no artigo 8 ó custe final efectivamente xustificado das actividades subvencionadas.

3. Con carácter previo ó pago da subvención, o/a beneficiario/a deberá presentar certificados de que se atopa ó corrente dos pagos coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia.

4. O/a beneficiario/a deberá presentar tamén certificado de titularidade, en modelo normalizado, da conta bancaria que designe para o pago da subvención.

**Artigo 19. Causas de denegación e perda das axudas.**

As axudas poderán ser denegadas ou canceladas polas seguintes causas:

1. Non reunir as condicións esixidas por estas bases, relativas ós solicitantes ou ós inmobles para rehabilitar.

2. A realización de obras non previstas no proxecto e que non estean autorizadas polo IGVS nin amparadas por licenza urbanística outorgada ou comunicación previa eficaz.

3. A comisión de infraccións urbanísticas graves ou moi graves nas obras de rehabilitación subvencionadas.

4. A incorrecta execución das obras, apreciada polo Servizo de Rehabilitación.

5. A non execución de obras previstas inicialmente que teñan incidencia nas condicións de habitabilidade respecto do estado previo do inmovible.

6. Iniciar as obras sen dar conta á Oficina de Rehabilitación.

7. O incumprimento dos prazos sinalados para a execución das obras ou para a xustificación dos gastos.

8. O impedimento ou obstrución do acceso ás obras, por parte do promotor ou do contratista, ós técnicos da Oficina de Rehabilitación.

**Artigo 20. Reintegro das subvenciones.**

1. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do interese de demora correspondente desde o momento do pago da subvención ata a data na que

se acorde a procedencia do reintegro, nos casos e co procedemento que se establece nos artigos 32 e ss. da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

2. A comisión dunha infracción que vulnere a normativa de aplicación ou dunha infracción urbanística tipificada como grave ou moi grave nos inmobles obxecto das axudas por parte dos seus beneficiarios / as, no prazo de catro anos desde o outorgamento definitivo da subvención, determinará a obriga de devolver o seu importe cos intereses que correspondan, sen prexuízo das sancións que se lles puidesen impor.

#### **Artigo 21. Normativa de aplicación.**

A concesión destas axudas rexerese pola Lei 38/2003, de 17 de decembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, del 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

Ademais, e en todo o non descrito nas presentes bases, seranlle de aplicación as seguintes disposicións:

Real Decreto 106/2018, de 9 de marzo, por el que se regula el Plan Estatal de Vivienda 2018-2021

RESOLUCIÓN do 3 de agosto de 2018 pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021, se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa.

Lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia.

Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu regulamento.

Acordo de Comisión Bilateral asinado entre o Ministerio de Fomento, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia - Instituto Galego de Vivenda e Solo e o Concello de Ribadavia, con data de 22 de outubro de 2019, para o financiamento da ARI do Casco Histórico de Ribadavia.

#### **Artigo 22. Tratamento de datos de carácter persoal.**

Segundo o artigo vixésimo oitavo da Resolución do IGVS do 3 de agosto de 2018, os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia – IGVS, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos do cartafol cidadán.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento ante o IGVS.

Os datos das persoas solicitantes serán incorporados ós ficheiros municipais, cuxa finalidade é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións reguladas por estas bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación das actividades subvencionadas e demais actuacións previstas na normativa legal para a conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa presentación é obrigatoria.



Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Ribadavia, ante o cal se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

**Artigo 23. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión de axudas.**

As bases reguladoras da concesión das axudas para a prórroga do Plan Estatal 2013 – 2016, segundo o Convenio asinado entre o Concello de Ribadavia, a Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento para o desenvolvemento do programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan Estatal 2013 – 2016, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e na páxina web do Concello.

As bases reguladoras e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse no Departamento de Urbanismo - Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico do Concello de Ribadavia.

**Artigo 24. Vixencia.**

Estas bases entrarán en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e terán vixencia ata o 31 de decembro de 2021, data na que remata o Plan Estatal 2018-2021, de non existir disposición que modifique ou prorrogue esta data de vixencia do Plan Estatal para a aplicación do programa que se desenvolve nas presentes bases.

A xunta de goberno local, por unanimidade, aproba as Bases Reguladoras e Convocatoria de Subvencións das Actuacións de Rehabilitación no Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia . Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 Real Decreto 106/2018, de 9 de marzo. 16 CONVENIO . Programa de Rexeneración e Renovación Urbanas.

- ARTIGO 1. OBXECTO
- ARTIGO 2. PRINCIPIOS XENERAIS
- ARTIGO 3. ÁMBITO DAS ACTUACIÓNS
- ARTIGO 4. ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES
- ARTIGO 5. REQUISITOS XENERAIS
- ARTIGO 6. BENEFICIARIOS / AS
- ARTIGO 7. OBRIGAS DOS / AS BENEFICIARIOS / AS
- ARTIGO 8. CONTÍA DAS AXUDAS ECONÓMICAS
- ARTIGO 9. ORZAMENTO PROTExIBLE
- ARTIGO 10. LÍMITES XENERAIS DAS SUBVENCiónS
- ARTIGO 11. COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS ECONÓMICAS
- ARTIGO 12. PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

- ARTIGO 13. PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN DAS SUBVENCÍONS
- ARTIGO 14. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS
- ARTIGO 15. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN
- ARTIGO 16. EXECUCIÓN DAS OBRAS
- ARTIGO 17. XUSTIFICACIÓN DE REMATE DAS OBRAS E DO GASTO
- ARTIGO 18. PAGO DAS SUBVENCÍONS
- ARTIGO 19. CAUSAS DE DENEGACIÓN E PERDA DAS AXUDAS
- ARTIGO 20. REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS
- ARTIGO 21. NORMATIVA DE APLICACIÓN
- ARTIGO 22. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL
- ARTIGO 23. PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA E DAS BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE AXUDAS
- ARTIGO 24. VIXENCIA

### **Artigo 1. Obxecto.**

O obxecto das presentes bases é a regulación da concesión de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas situadas no ámbito do Área de Rehabilitación Integral / Área de Rexeneración e Renovación Urbana, en adiante ARRU / ARI, do Casco Histórico de Ribadavia, en base ó Convenio suscrito o 30 de xullo de 2018 entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do Plan Estatal de Vivenda 2018 - 2021, así como ó Acordo da Comisión Bilateral do 22 de outubro de 2019, suscrito entre o Ministerio de Fomento, o Instituto Galego de Vivenda e Solo - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, e o Concello de Ribadavia, que remata o 31 de decembro do 2021.

### **Artigo 2. Principios xenerais.**

A xestión das axudas á rehabilitación de edificios e vivendas regulada nas presentes Bases realizarase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e da eficacia na asignación e utilización dos recursos públicos.

### **Artigo 3. Ámbito das actuacións.**

As actuacións de rehabilitación estenderanse, exclusivamente, ó Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, declarada o 8 de xuño de 1999.

### **Artigo 4. Actuacións subvencionables.**

Con carácter xeneral, serán subvencionables as actuacións recollidas nos artigos 36, 43 e 51 do *Real Decreto 106/2018, de 9 de marzo, polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021*, que se poden resumir nas seguintes:

- a) Obras de conservación e/ou adecuación estrutural e de seguridade dos edificios.
- b) Obras de mellora da eficiencia enerxética, que permitan acadar unha redución da demanda enerxética anual global do inmovible de polo menos un 25% respecto do estado anterior á actuación.
- c) Obras de mellora da sustentabilidade, que melloren o cumprimento dos parámetros establecidos no documento básico do Código Técnico da Edificación DB – HR protección contra o ruído, do DB – HS de salubridade ou que afecten a elementos cuxo tratamento permita reducir de forma efectiva no interior da edificación o promedio anual de concentración de radón a niveis inferiores a 300 Bq/m<sup>3</sup>, ou nas que sen alcanzar dito nivel, se reduza a concentración inicial en ó menos un 50%.

- d) Obras de mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade, así como de adecuación das vivendas e dos seus accesos á normativa vixente de accesibilidade.
- e) Outras obras que impliquen adaptar os edificios, as vivendas e as súas instalacións ós novos estándares establecidos pola nova normativa de aplicación, aínda nos casos nos que dita normativa non obrigue a súa execución.

#### **Artigo 5. Requisitos xenerais.**

Ós efectos de obter as Axudas previstas nas presentes normas de procedemento, será necesario o cumprimento dos seguintes requisitos:

1. As obras proxectadas deberán obter a preceptiva Licenza Municipal de Obras ou, de ser o caso, tramitar a Comunicación Previa oportuna.
2. A edificación ou vivenda, unha vez finalizadas as actuacións, debe ter uso residencial permanente, para uso propio ou aluguer.
3. As obras que se dirixan á actuación sobre os elementos comúns do edificio deberán garantir as debidas condicións de coherencia técnica e construtiva co estado de conservación do edificio e das instalacións.
4. Non se poderán subvencionar actuacións nos edificios e vivendas nos que, coa realización das obras, non se obteñan as debidas condicións de seguridade e de habitabilidade das vivendas.
5. Os edificios deberán ter polo menos o 70% da edificabilidade sobre rasante, podéndose excluír as plantas baixas ou plantas inferiores destinadas a outros usos compatibles, deberá ter como destino o uso residencial de vivenda.
6. Os inmobles obxecto da axuda non poderán estar incurso en ningún expediente de infracción urbanística.
7. As obras iniciadas con anterioridade á publicación destas bases, e que non se atopen rematadas, poderán ser obxecto de subvención sempre que se acredite o estado orixinal da edificación mediante documentación técnica e/ou fotográfica.

#### **Artigo 6. Beneficiarios/as.**

1. Poderán ser beneficiarios/as das subvencións quén asuma a responsabilidade da execución integral do ámbito de actuación, xa sexan as propias Administracións Públicas, os propietarios únicos de edificios de vivendas ou os inquilinos autorizados polo propietario, as comunidades de propietarios, as agrupacións de comunidades de propietarios e os consorcios e entes asociativos de xestión.

As persoas e as entidades beneficiarias das axudas deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 7.2 do Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo.

2. No poderán obter a condición de beneficiarios/as aqueles nos que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia ou no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, xeral de subvencións.
3. Ós efectos das presentes axudas, persoa con discapacidade interpretarase de conformidade co RDL 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión

social. E entenderase como persoa con mobilidade reducida aquela que ten limitada a posibilidade de desprazarse ou de interactuar coa contorna con seguridade e autonomía, a causa dunha determinada discapacidade física ou intelectual, acreditada mediante informe médico.

#### **Artigo 7. Obrigacións dos / as beneficiarios / as.**

As obrigacións dos / as beneficiarios / as serán as seguintes:

1. Realizar algunha das actuacións ás que se refire o artigo 4. Actuacións subvencionables.
2. Comunicar ó órgano instrutor calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.
3. Someterse ás actuacións de comprobación e inspección que o Instituto Galego de Vivenda e Solo e o Concello de Ribadavia consideren pertinentes durante a execución da actuación.
4. As demais obrigas recollidas na lexislación vixente de aplicación á presente convocatoria, en especial as contempladas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, xeneral de subvencións, e nos artigos 11 e 12 de la Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **Artigo 8. Contía das Axudas Económicas.**

As subvencións estatais serán ata o 40% do Orzamento Protexible cunha contía máxima dependendo do tipo de actuación:

- Para obras de conservación e accesibilidade (artigo 51 e 43 do Plan Estatal de Vivenda): 9.000 €.
- Para obras de eficiencia enerxética con redución de demanda enerxética (artigo 36 do Plan Estatal de Vivenda): 13.000 € por vivenda.
- No caso de actuacións en elementos comúns de edificios, incrementaranse estas contías con 130 euros por cada metro cadrado de superficie construída de local comercial ou outros usos.

Estas subvencións estatais poderán acadar o 75% do Orzamento Protexible, coas contías máximas antes indicadas, cando:

- Vivendas de unidades de convivencia residente teña ingresos inferiores a 3 veces o IPREM.
- Vivendas con residentes discapacitados e obras de accesibilidade.
- Vivendas con residentes maiores de 65 anos e obras de accesibilidade.

As subvencións autonómicas serán ata o 10% do Orzamento Protexible cunha contía máxima de 4.000 € por vivenda.

#### **Artigo 9. Orzamento Protexible.**

Considérase Orzamento Protexible, das actuacións de rehabilitación subvencionables relacionadas no artigo 4, o custe real das obras determinado pola suma do prezo total do contrato de execución das obras, os honorarios facultativos e de xestión.

Non se inclúe ningún tipo de taxas, impostos e outros ingresos de dereito público e os tributos satisfeitos por razón das actuacións.

O custe total das actuacións subvencionables non poderá superar os custes medios de mercado que a tales actuacións correspondan e será acorde cos prezos recollidos na base de Datos de Construción de Galicia ou, no seu caso, nas bases de datos habituais en construción, vixentes no momento da convocatoria.

Poderanse incluír os honorarios dos profesionais, o custe de redacción de proxectos, informes técnicos e certificados precisos, así como os gastos derivados da tramitación administrativa, sempre que todos eles estean debidamente xustificadas.

A estes efectos, consideraranse como custes derivados da tramitación administrativa aqueles gastos que o solicitante puidera satisfacer a unha empresa ou profesional por levar a cabo a xestión administrativa e documental da súa solicitude e das actuacións recollidas nela; ademais de estar reflectidos tanto nos orzamentos presentados para a cualificación provisional como nas facturas presentadas para a obtención da cualificación definitiva.

#### **Artigo 10. Límites xerais das subvencións.**

As subvencións outórganse con cargo ás partidas orzamentarias ata esgotar o financiamento comprometido no Acordo da Comisión Bilateral do 22 de outubro de 2019, suscrito entre o Ministerio de Fomento, o Instituto Galego de Vivenda e Solo - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia e o Concello de Ribadavia.

A contía máxima para Axudas á Rehabilitación, aportada polo Ministerio de Fomento, que figura no citado Acordo é de 181.650,00 €.

A contía máxima para Axudas á Rehabilitación, aportada pola Comunidade Autónoma, que figura no citado Acordo é de 38.550,00 €.

A contía destas axudas poderá ser modificada ó alza cando concorran as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **Artigo 11. Compatibilidade das axudas económicas.**

1. Non poderán ser beneficiarias deste programa as persoas beneficiarias das axudas do programa de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, do programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, do programa de fomento do parque de vivenda en alugueiro e do programa de fomento de vivendas para persoas maiores e persoas con discapacidade, do Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo.

2. As subvencións deste programa son compatibles con calquera outra axuda pública para o mesmo obxecto, sempre e cando a suma do importe de todas elas non supere o custo total da actuación concreta.

#### **Artigo 12. Prazo de presentación das solicitudes.**

As solicitudes de axuda deberán presentarse no prazo de seis (6) meses a contar desde o día seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

#### **Artigo 13. Procedemento de tramitación das subvencións.**

O procedemento é mediante concorrencia non competitiva, de acordo co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

A instrución do procedemento corresponderá ó Departamento de Urbanismo - Oficina de Rehabilitación, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que deberá formularse a proposta de resolución.

De conformidade co disposto no artigo 22 de la Lei 9/2007, de 13 de xuño, establécese un procedemento de instrución abreviado, consistente en que a proposta de concesión formalizárase polo órgano instrutor designado, que unicamente procederá a comprobar a concorrencia dos requisitos requiridos para a concesión da subvención, polo que non intervirá un órgano encargado de avaliar as solicitudes presentadas.

A resolución dos expedientes corresponderá á Xunta de Goberno Local, que é ademais o órgano que ten a competencia para autorizar o correspondente gasto, previa concesión das cualificacións provisionais e definitivas de rehabilitación por parte do órgano competente da Xunta de Galicia. Os acordos da Xunta de Goberno Local de concesión ou denegación das subvencións poñen fin á vía administrativa.

As cualificacións provisionais e definitivas de rehabilitación, expedidas polo órgano competente da Comunidade Autónoma, ou as resolucións polas que se denegan, remitiranse ós interesados polo Departamento de Urbanismo - Oficina de Rehabilitación.

#### **Artigo 14. Criterios para a concesión das subvencións.**

Se o presuposto establecido para estas subvencións, ou o número de actuacións, non fose suficiente para o pago de todas as solicitudes, ademais de por orde de entrada da solicitude no rexistro do Concello, aplicarase o criterio de prioridade da orde establecida na Memoria para a Declaración do Área de Rehabilitación Integral:

##### **ORDE DE PRIORIDADES**

1. Mazás de Extramuros.
2. Contorno da Praza Maior.
3. Mazás do Barrio Xudeo.
4. Mazás colindantes a la Muralla.
5. Contorno da Praza de San Xoán.
6. Contorno da Igrexa de Santiago.
7. Contorno da Fonte da Prata.
8. Mazás Interiores restantes.
9. Contorno da Igrexa da Oliveira.

#### **Artigo 15. Presentación de solicitudes e documentación.**

1. As solicitudes presentaranse en modelo normalizado no Rexistro Xeneral do Concello ou por calquera dos medios establecidos no artigo 38 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Con carácter xeneral, xunto coa solicitude no impreso normalizado, presentarase a seguinte documentación:

I. Documentación relativa ó / á solicitante:

- a) Fotocopia do DNI do / da solicitante e, de ser o caso, do seu representante, en caso das persoas físicas.
- b) No caso de tratarse dunha comunidade de propietarios ou agrupación de comunidades de propietarios, constituídas as dúas segundo o disposto polo artigo 5 da Lei 49/1960, ou de persoas xurídicas que sexan propietarios únicos de edificios de vivendas (sociedades e comunidades de bens):
- Documento acreditativo da súa constitución.
  - Documento acreditativo da representación coa que se actúa por parte das persoas físicas no nome da comunidade ou da agrupación.
  - Fotocopia dos DNI das persoas físicas que actúen en nome e en representación da comunidade, da agrupación ou persoa xurídica.
  - Documento acreditativo do CIF da comunidade, agrupación ou persoa xurídica.
- c) Declaración responsable de non estar incurso / a nos supostos do artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- d) Declaración responsable de cumprimento das obrigas sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeneral de Subvenciones.
- e) Para as Axudas que acaden o 75% do Orzamento Protexible por minusvalía, segundo o establecido no artigo 8 das presentes bases, deberá achegarse acreditación da devandita minusvalía.
- f) Para as Axudas que acaden o 75% do Orzamento Protexible para as unidades de convivencia residente que teña ingresos inferiores a 3 veces o IPREM, segundo o establecido no artigo 8 das presentes bases, deberá achegarse a declaración da renda correspondente ó último exercicio e o certificado de empadramento da citada unidade de convivencia. Os membros da unidade de convivencia que non teñan a obriga de presentar declaración da renda deberán achega un certificado de estar exento.

## II. Documentación relativa ó inmovible:

- a) Xustificación da titularidade do edificio. Poderá presentarse certificado ou nota simple do rexistro da propiedade, ou ben documentación acreditativa do feito, acto ou negocio xurídico (contrato de compravenda, certificación ou nota simple do Rexistro da Propiedade, escritura de partición de herdanza, testamento e/ou certificado de últimas vontades, escritura pública de doazón, etc.) que demostre a adquisición da titularidade do inmovible. Os documentos poden ser de natureza pública (escritura pública) ou privada, cando a lexislación así o permita, sempre que conste de xeito fidedigno a realidade da súa data, dos intervenientes e, de ser o caso, de todos os requisitos os que se refire o artigo 1.261 do Código Civil.
- b) No caso das comunidades de propietarios ou agrupacións, presentarase, ademais, relación de persoas propietarias do edificio, con DNI de cada unha delas e referencia catastral de cada vivenda.

## III. Documentación relativa ás obras a executar.

a) Declaración responsable de todas as subvenciones solicitadas e concedidas para as actuacións subvencionables por esta ordenanza; o importe da axuda solicitada ou obtida, así como a Administración, organismo ou entidade pública que concede a subvención.

b) Proxecto técnico que defina as obras ou outro documento técnico baixo o nome de memoria valorada, proxecto básico ou outro similar, que recolla a definición das obras a subvencionar de forma suficiente para que os servizos técnicos municipais poidan emitir

unha proposta favorable sobre as mesmas por axustarse á normativa urbanística de aplicación e as normas reguladoras da presente subvención.

c) Licenza urbanística de obra concedida ou comunicación previa das obras, segundo o suposto que proceda. A efectos de presentarse á actual convocatoria, bastará acreditar a solicitude de licenza de obras ou comunicación previa antes da cualificación provisional.

d) Certificación expedida polo órgano competente da comunidade, ou da persoa xurídica, de acordo da comunidade de propietarios que autorice a execución das obras e a solicitude da subvención.

e) No caso de obras iniciadas, presentarse documentación fotográfica do estado previo.

A presentación da solicitude de subvención implica a aceptación das bases e obrigas establecidas na presente norma, así como a autorización para obter os datos en poder da administración pública municipal que sexan necesarios para a tramitación da solicitude (certificación expedida polo tesoureiro municipal que acredite que se atopan ó día nas súas obrigas fiscais no Concello).

#### **Artigo 16. Execución das obras.**

1. As obras deberán iniciarse no prazo máximo establecido na licenza ou documento análogo ou no prazo de dous meses a partir da notificación da cualificación provisional da subvención por parte do IGVS.

Poderá obterse unha prórroga pola metade do prazo inicial, despois de solicitude xustificada. Transcorrido este período sen que comezasen as obras, ou no caso de interrupción das obras por un prazo superior a seis (6) meses, poderase proceder á retirada da subvención inicialmente outorgada, previo expediente con trámite de audiencia ó interesado/a.

2. O / a solicitante promotor / a das obras comunicaralle formalmente ó Concello a data de comezo das obras.

E deberá colocar no exterior da edificación o cartel informativo do programa de axudas para a rehabilitación de acordo co deseño que se estableza no manual de imaxe corporativa do Plan Vivenda 2018 – 2021, que deberá permanecer hasta o cobro total das axudas solicitadas.

3. O prazo de execución para realizar as obras virá determinado na cualificación provisional. O incumprimento deste prazo poderá determinar a perda da subvención solicitada.



4. As obras deberán axustarse ás prescricións contidas no proxecto técnico ou documentación que serviu de base para a cualificación provisional e a concesión inicial das axudas, non admitíndose máis modificacións na súa execución que as autorizadas polo IGVS, previo informe favorable do Departamento de Urbanismo - Oficina de Rehabilitación e que, en todo caso, deberán estar amparadas pola correspondente licenza urbanística ou actuación comunicada declarada eficaz.
5. O Departamento de Urbanismo - Oficina de Rehabilitación prestará o seu asesoramento técnico na execución das obras e poderá, en todo caso, supervisar de oficio as obras, incluso coa participación dos técnicos do IGVS, con obxecto de comprobar a súa correcta execución e o cumprimento das condicións ás que estean sometidas en virtude das axudas concedidas.

**Artigo 17. Xustificación de remate das obras e do gasto.**

1. A xustificación do remate das obras e do seu custe deberá presentarse no prazo de un (1) mes desde o remate destas.

A efectiva execución das actuacións, e o seu custe, terá que acreditarse mediante a presentación da conta xustificativa e, orixinal ou fotocopia compulsada, das facturas correspondentes emitidas pola empresa contratada para a execución das obras, coa firma do técnico competente si a natureza dos traballos así o esixe, e os xustificantes de pago das mesmas.

2. As facturas reunirán en todo caso os seguintes requisitos: número, nome, razón social, dirección fiscal NIF o CIF de quen emite a factura; nome ou razón social do pagador coa súa dirección ou dirección fiscal e NIF o CIF. O IVE presentarse sempre desagregado. O produto vendido ou servizo facturado deberá quedar claramente descrito na factura.
3. Os pagos deberán de acreditarse a través de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pago bancario nos que queden claramente identificados o receptor e o emisor do pago. Non se admitirán os pagos nin os ingresos en efectivo.
4. En obras que precisen licenza de primeira ocupación, a solicitude desta será imprescindible para continuar co trámite de aprobación definitiva das axudas.
5. Nas actuacións para a mellora de eficiencia enerxética, deberá presentarse o certificado enerxético que acredite a redución do 25% da demanda enerxética.
6. A proposta de cualificación definitiva, elaborada polo Departamento de Urbanismo – Oficina de Rehabilitación e aprobada polo órgano municipal correspondente, será remitida ó IGVS para a súa cualificación definitiva.

**Artigo 18. Pago das subvenciones.**

1. O pago realizarase unha vez que o IGVS conceda a cualificación definitiva e emita a resolución de abono ou certificación da subvención.
2. A contía da subvención será a que resulte de aplicar o disposto no artigo 8 ó custe final efectivamente xustificado das actividades subvencionadas.
3. Con carácter previo ó pago da subvención, o/a beneficiario/a deberá presentar certificados de que se atopa ó corrente dos pagos coa Axencia Estatal de

Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia.

4. O/a beneficiario/a deberá presentar tamén certificado de titularidade, en modelo normalizado, da conta bancaria que designe para o pago da subvención.

**Artigo 19. Causas de denegación e perda das axudas.**

As axudas poderán ser denegadas ou canceladas polas seguintes causas:

1. Non reunir as condicións esixidas por estas bases, relativas ós solicitantes ou ós inmobles para rehabilitar.
2. A realización de obras non previstas no proxecto e que non estean autorizadas polo IGVS nin amparadas por licenza urbanística outorgada ou comunicación previa eficaz.
3. A comisión de infraccións urbanísticas graves ou moi graves nas obras de rehabilitación subvencionadas.
4. A incorrecta execución das obras, apreciada polo Servizo de Rehabilitación.
5. A non execución de obras previstas inicialmente que teñan incidencia nas condicións de habitabilidade respecto do estado previo do inmovible.
6. Iniciar as obras sen dar conta á Oficina de Rehabilitación.
7. O incumprimento dos prazos sinalados para a execución das obras ou para a xustificación dos gastos.
8. O impedimento ou obstrución do acceso ás obras, por parte do promotor ou do contratista, ós técnicos da Oficina de Rehabilitación.

**Artigo 20. Reintegro das subvenciones.**

1. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do interese de demora correspondente desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos e co procedemento que se establece nos artigos 32 e ss. da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
2. A comisión dunha infracción que vulnere a normativa de aplicación ou dunha infracción urbanística tipificada como grave ou moi grave nos inmobles obxecto das axudas por parte dos seus beneficiarios / as, no prazo de catro anos desde o outorgamento definitivo da subvención, determinará a obriga de devolver o seu importe cos intereses que correspondan, sen prexuízo das sancións que se lles puidesen impor.

**Artigo 21. Normativa de aplicación.**

A concesión destas axudas rexerese pola Lei 38/2003, de 17 de decembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, del 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

Ademais, e en todo o non descrito nas presentes bases, seranlle de aplicación as seguintes disposicións:

Real Decreto 106/2018, de 9 de marzo, por el que se regula el Plan Estatal de Vivienda 2018-2021 (BOE nº 61, do 10 de marzo de 2018).

RESOLUCIÓN do 3 de agosto de 2018 pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021, se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa (DOG nº 156, do 17 de agosto de 2018).

Lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia.

Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu regulamento.

Acordo de Comisión Bilateral asinado entre o Ministerio de Fomento, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia - Instituto Galego de Vivenda e Solo e o Concello de Ribadavia, con data de 22 de outubro de 2019, para o financiamento da ARI do Casco Histórico de Ribadavia.

#### **Artigo 22. Tratamento de datos de carácter persoal.**

Segundo o artigo vixésimo oitavo da Resolución do IGVS do 3 de agosto de 2018, os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia – IGVS, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos do cartafol cidadán.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento ante o IGVS.

Os datos das persoas solicitantes serán incorporados ós ficheiros municipais, cuxa finalidade é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións reguladas por estas bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación das actividades subvencionadas e demais actuacións previstas na normativa legal para a conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa presentación é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Ribadavia, ante o cal se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

#### **Artigo 23. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión de axudas.**

As bases reguladoras da concesión das axudas para rehabilitación de edificios e vivendas, segundo o Convenio asinado entre o Concello de Ribadavia, a Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento para o desenvolvemento do programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan Estatal de Vivenda 2018 – 2021, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e na páxina web do Concello.

As bases reguladoras e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse no Departamento de Urbanismo - Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico do Concello de Ribadavia.

**Artigo 24. Vixencia.**

Estas bases entrarán en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e terán vixencia ata o 31 de decembro de 2021, data na que remata o Plan Estatal de Vivenda 2018 – 2021, de non existir disposición que modifique ou prorrogue esta data de vixencia do Plan Estatal para a aplicación do programa que se desenvolve nas presentes bases.

**Contrato menor de prestación de servizo de licenza de uso da aplicación Cibersad para a xestión do servizo de axuda no fogar do concello de Ribadavia**

Sendo imprescindible para o desenvolvemento do Servizo de Axuda no Fogar de Ribadavia dispoñer dunha aplicación informática que facilite, axilice e rexistre os procedementos de traballo que diariamente son executados polos profesionais do Departamento de Servizos Sociais.

De conformidade co establecido no artigo 116.4.f) da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público ,queda acreditado que non existen medios materiais no concello para proveer o necesario.

En exercicio de competencia delegada nesta Xunta de goberno por Decreto de Alcaldía de 17 de xuño de 2019.

Vista a Lei 9/2017 de contratos do sector Público:

- 118.1 Se consideran contratos menores os de valor estimado inferior a 40.000 euros , cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministros ou de servizos. .

- 118.2 Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá a emisión dun informe do órgano de contratación xustificando de maneira motivada a necesidade do contrato e que non se está alterando o seu obxecto con fin de evitar a aplicación dos umbrais descritos no apartado anterior.

- 118.6 Os contratos menores publicaranse na forma prevista no artigo 63.4.

-

- 131.3 Os contratos menores poden adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación.
- 29.8 Os contratos menores non poden ter unha duración superior ao ano nin ser prorrogados.

Contratar con Consultoría e Informática para la Gestión Social , CIGESOC , por un importe total ,IVE engadido de 2.711,30 euros, dende xullo ata decembro de 2020 , co seguinte desglose:

Formación ( posta en marcha) 860,00 euros  
Cuotas mensuais Cibersad:195 euros, , 6 cuotas, 1415,70 euros  
Cuotas mensuais App:60€ : 435,60 €  
Total 2.711,30€.

Aprobar o gasto por importe de 2.711,30 euros con cargo ao vixente orzamento.

#### Contrato menor de alquiler de vehículo sen conductor

Sendo necesario para o desenvolvemento do Servizo de Axuda do Grupo Supramunicipal de Emerxencias dispoñer de forma temporal dun vehículo todoterreo.

De conformidade co establecido no artigo 116.4.f) da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público ,queda acreditado que non existe dito vehículo no concello para proveer o necesario.

En exercicio de competencia delegada nesta Xunta de goberno por Decreto de Alcaldía de 17 de xuño de 2019.

Vista a Lei 9/2017 de contratos do sector Público:

-16.1 Son contratos de subministración os que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro,o arrendamento con ou sen opción de compra, de produtos ou bens móbiles.

- 118.1 Se consideran contratos menores os de valor estimado inferior a 40.000 euros , cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministros ou de servizos. .
- 118.2 Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá a emisión dun informe do órgano de contratación xustificando de maneira motivada a necesidade do contrato e que non se está alterando o seu obxecto con fin de evitar a aplicación dos umbrais descritos no apartado anterior.
- 118.6 Os contratos menores publicaranse na forma prevista no artigo 63.4.
- 
- 131.3 Os contratos menores poden adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación.
- 29.8 Os contratos menores non poden ter unha duración superior ao ano nin ser prorrogados.

Contratar con dona Rosa María Crespo Sotelo o alquiler dun vehículo sen conductor polo prazo de tres meses polo importe mensual de 850 euros + IVE engadido coas condicións particulares fixadas no contrato.

Aprobar o gasto por importe de 2.550 euros + IVE con cargo ao vixente orzamento.

## **6.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo.-

E sendo as dez horas da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente acta, do cal, coma Secretario, certifico.